

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega da EPAPU Albeiros convoca un Concurso de Ideas para deseñar o **LOGO** que será a imaxe representativa do centro educativo. Aparecerá en toda a difusión de información do mesmo: páxina web, blogs e outros documentos.

BASES

1. O logotipo debe reflectir a natureza do centro, polo que debe parecer o nome do mesmo (EPAPU Albeiros).
2. Poderá participar no concurso calquera membro da comunidade educativa. Cada concursante poderá presentar un máximo de 2 deseños. A participación no concurso presupón a aceptación destas bases.
3. O deseño será orixinal e inédito.
4. Entregarase, ben nun sobre pechado baixo pseudónimo e, dentro, outro sobre cos datos persoais (na conserxería do centro), ben en formato dixital, enviándoo ao enderezo: epa.albeiros.lugo@edu.xunta.es indicando no asunto "Concurso de Logo". Neste último caso no enderezo do remitente non poden figurar os datos persoais. De resultar gañador/a comunicarse respondendo ao enderezo do remitente.
5. O prazo de presentación de traballos remata o 22 de febreiro de 2018.
6. O xurado estará composto por membros do EDL.
7. O premio consistirá nun bono de 50 euros para adquirir libros ou material audiovisual en galego.
8. O logo gañador pasa a ser propiedade do centro.